

Episcopalía

Antiga división da diocese de Mondoñedo, vinculada á figura do bispo ata o Concordato de 1851. Subsistiu ata 1855, ano en que se crean os arciprestados nun sentido moderno.

Dez parroquias diseminadas polo territorio da diocese compoñían, a fins do século XV, esta demarcación: A Devesa (que incluía as actuais Rinlo e Vilaframil), Foz, Ribeiras de Lea, Silva, Reigosa, Mogor, Miño, Sobrada de Aguiar, Oleiros e Santa Comba de Duancos.

Un ano antes da súa extinción, as cinco últimas freguesías citadas xa non formaban parte desta vigairía. Pola contra, adscribíanse a ela as de Duarría, A Regueira, Ove, Ribadeo e San Martiño de Mondoñedo

Consonte a localización xeográfica destas parroquias, distinguíase a episcopalía da Montaña e a da Mariña, conformada cada unha por cinco freguesías.